

PATRIMONIO As áreas asturianas e galegas son xa Reserva da Biosfera

A Unesco elixe o Eo e os Oscos

O recoñecemento, fixado onte en París, recaeu nas afastadas terras onde este ano veraneou Zapatero


Redacción - Santiago

A Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO) acordou onte en París a declaración do Río Eo, Oscos e Terras de Burón, en territorio de Asturias e Galicia, como Reserva da Biosfera, segundo anunciou a conselleira de Medio Ambiente do Principado asturiano, Belén Fernández. A decisión FOI adoptada por "unanimidade" da Mesa do Consello Internacional de Coordinación do Programa sobre o Home e a Biosfera (MAB-CIC) da UNESCO, que examinou un total de 33 novas candidaturas pertencentes a máis de 20 países.

Os sete municipios asturianos con territorio incluído na Reserva da Biosfera Río Eo, Oscos e Terras de Burón son Villanueva, Santa Eulalia e San Martín de Oscos; Vegadeo, Taramundi, Castropol e Santirso de Abres, terras nas que este ano veraneou precisamente Zapatero.

O acordo é "froito da iniciativa", apuntou a conselleira de Medio Ambiente, da "colaboración e da acción conxunta" dos gobernos de Galicia e do Principado, e abundou en que a resolución destaca que a documentación presentada é "sólida" e "moi ben documentada".

A inscrición do Río Eo, Oscos e Terras de Burón na Rede Mundial de Reservas da Biosfera é un noticia "histórica" para os territorios afectados, tal como sinalou Fernández, que abundou en que afecta a catorce concellos, aglutina 1.600 quilómetros cadrados e conta cun censo de 34.000 habitantes ligados ó eixo fluvial do Eo, así como as comarcas contiguas. ●



O río Eo é o nexo de unión entre Asturias e Galicia

CUME ASTUR-GALAICO

"É un triunfo de Touriño e Areces"

A conselleira de Medio Ambiente defendeu a declaración de Reserva Natural como unha "inxección" para esta extensa zona xeográfica, e intúe que se trata dun "reto" porque "queda todo un camiño por percorrer". "Este camiño" ten pasos

e pausas decididas", dixo, en alusión ao convenio establecido no protocolo de colaboración asinado polos presidentes dos executivos de Galicia e Asturias, Pérez Touriño e Álvarez Areces, respectivamente, durante o cume astur-galaico de febreiro.

NA REDE

■ Crear unha Biblioteca Virtual

Un milleiro de facsímiles do patrimonio bibliográfico, en internet

Os facsímiles dixitais de valiosas coleccións de case un milleiro de manuscritos e libros impresos conservados en bibliotecas públicas do Estado poden consultarse xa en internet coa posta en marcha da Biblioteca Virtual do Patrimonio Bibliográfico.

"É o resultado dun importante esforzo para preservar e difundir do xeito máis amplo o patrimonio depositado en todo tipo de biblioteca de España", explicou onte o ministro de Cultura, César Antonio Molina, na presentación da iniciativa. A Biblioteca Virtual do Patrimonio Bibliográfico reúne na dirección <http://bvbi.mcu.es> 250.000 páxinas de case mil manuscritos e impresos con imaxes que se poden descargar ou consultar por autor, título, data ou época de escritura ou impresión, en calquera das linguas oficiais españolas e en inglés, un acervo ó que se engadirán outras 400.000 páxinas. Trátase, segundo Molina, dun patrimonio "non tan coñecido como debería" e que "describe século tras século diferentes aspectos da cultura, a vida, a técnica e a historia do libro". ● EFE

CIENCIA ■ Os principais investigadores españois do campo compartiron coñecementos nunha reunión

Santiago reflexiona sobre a Bioinorgánica

Hoxe remata na residencia universitaria Monte da Condosa, en Santiago de Compostela, a V edición da Reunión Científica Bianual da Asociación Española de Bioinorgánica, que reuniu na capital de Galicia aos principais investigadores deste campo de toda a península.

Ainda que os asistentes chegaron a Compostela o domingo pasado, foi o luns cando tivo lugar a cerimonia de apertura, seguida dunha conferencia inaugural a cargo do profesor santiagués Juan Carlos Mareque Rivas, que actualmente forma parte do claustro da School of Chemistry da Universidade de Edimburgo.

Na reunión, onde se discutiron un cento de comunicacións tanto orais como escritas, tamén se elixiu a nova xunta directiva da Asociación, e se decidiu a celebración da próxima reunión, que terá lugar probablemente nas Paímas,



Asistentes á reunión

segundo manifestou o profesor da Universidade de Santiago e membro do Comité Científico Nacional da Asociación, José Sordo.

A Bioinorgánica é unha disciplina moi nova, con ampla repercusión no mundo científico nos últimos anos.

Dedicáase a analizar o papel biolóxico de certos elementos químicos, sobre todo metais, algúns dos cales forman parte dos organismos vivos e xogan nelas un papel bioquímico esencial.

A Bioinorgánica interese tamén polos metais que son tóxicos, co fin de achar estratexias para remediar os seus efectos. Outro campo de estudo é o deseño de novos compostos metálicos con intereses terapéuticos, como o cisplatino que se usa na loita contra o cancro.

De todos estes temas tratouse ao longo desta V Reunión, tendo durante a xornada de onte unha especial importancia os novos investigadores.

Nunha sociedade como a actual, onde cada día se dá unha maior fragmentación dos coñecementos, a Bioinorgánica, campo de fronteira onde se solapan áreas clásicas da ciencia, marca un novo camiño: o da interdisciplinariedade necesaria nun mundo complexo. ● MARÉ

AGRESIÓN ■ A fin dos gases que danan o ozono frearía o quecemento global

Contra os aerosois do cambio climático

Representantes de máis de 190 países discutiron en Montreal a aceleración da eliminación dos gases que provocan o buraco do ozono, unha medida fundamental para loitar contra o cambio climático. Argentina encabezou unha proposta para adiantar o prazo de desaparición dos hidrofluorocloro carbonos (HFC), xa que estes gases teñen unha capacidade 10.000 veces superior ó CO₂ para causar efecto invernadoiro.

Hai 20 anos, o mundo mixouse en acordo en Montreal para eliminar a produción e uso dos gases cloro-fluoro-carbonos (CFC) que provocaron o debilitamento da capa de ozono e a aparición de buracos nos polos. O Protocolo de Montreal, aprobado en 1987, acordou a substitución dos CFC polos HFC (hidrofluorocloro carbonos), menos agresivos para a capa de ozono, pero que á súa vez

terán que desaparecer nos países desenvolvidos para o ano 2030 e nos países en vías de desenvolvemento para o 2040.

Argentina e outras nacións queren agora acelerar este calendario, para contribuir a loitar contra o cambio climático, xa que recentes estudos indican que eliminar os HFC podería representar a redución de máis do 7,5 por cento de todas as emisións actuais de gases con efecto invernadoiro. Tendo en conta que o Protocolo de Kioto pide unha redución do 5 por cento nos países desenvolvidos para 2012, se se realmente un pas de xigante. Ante estas cifras, a secretaria argentina de Ambiente, Romina Piecotti, declaroulle a EFE que se o cume de Montreal non termina o venres cun acordo para aprobar a aceleración da eliminación dos HFC, "perderíamos unha boaísima oportunidade". ● EFE